

Data	10/04/2014
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria) Fin da xuntanza 19:30
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidenta, Santos Héctor Rodríguez Díaz • Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez - Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> • Antonio Madrid Risqueiz • Eugenio de la Iglesia Delgado • Anxos Collazo Trigo • Xesús Rodríguez Amil • Rafael Dominguez de la Iglesia • Ángeles Crespo Fuster • Pedro Nozal Cantarero • Agostiño Nieto Pazo - Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> • Mª Jesús Granja Pereira • Mª Bertila Fernández Pérez - Sector social: <ul style="list-style-type: none"> • Esperanza Dacosta Dapena • Cipriano Luis Jiménez Casas • Xan F. Centrón Montero • Francisco Piñeiro Lorenzo
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> • Sector docente: Santiago Rodríguez Sánchez • Sector docente: Isabel López Lorenzo • Sector usuarios/as: Ana Thaily Montilla • Sector usuarios/as: Vanesa Villa Blázquez • Sector usuarios/as: Mª Dolores Rodríguez Díaz • Sector usuarios/as: Carmen Esteban Romero • Sector social: Manuel Vieites García • Sector social: José Antonio Fernández Rodríguez • Sector social: Manuel Alonso Vieytes • Sector social: Iolanda Veloso Ríos
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Sector social: Consuelo Martínez García • Sector usuarios/as: Mª Cristina de la Calle Rodríguez • Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado • Sector usuarios/as: Cynthia B. Pereira Romero • Sector usuarios/as: Silvana Mª Moscoso Pérez
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).

Orde do día

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
2. Cambios de representantes do CEMV
3. Informe da Presidenta do CEMV
4. Informes das comisións de traballo
5. Desenvolvemento das II Xornadas Convivencia
6. Propostas de mocións:
 - Moción da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e comarca (FOANPA) sobre a volta ao sistema de préstamos universal de libros de texto.
7. Rogos e suxestións

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.

O Presidente pregunta se algún dos presentes quere facer algunha modificación na acta da sesión anterior. Non habendo cambios, procédese á súa votación

Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior

2.- Cambios de representantes do CEMV

O Presidente comunica os cambios que se producen no seo do CEMV

Sector docente

- * **Ángeles Crespo Fuster**, representante de FSIE Galicia pasa a ocupar o cargo de Adolfo Gálvez Pazos

Sector usuarios

- * **Ana Thaily Montilla** representante de FOANPAS pasa a ocupar o cargo de Nuria del Río Campos
- * **M^a Dolores Rodríguez Díaz** representante de SURGAPA pasa a ocupar o cargo de José F. Rodríguez Pérez

Sector social

- * **Jaime Estévez Vila** representante dos directores de centros públicos de secundaria causou baixa sen que se nomeara aínda substituto.

Representante da Administración educativa:

- **Antonio Estévez Rodríguez**, Inspector de Educación da sede de Vigo, pasa a ocupar o cargo de Gonzalo Fernández Fernández

3.- Informe da Presidenta do CEMV

O presidente informa dos seguintes temas referentes á Concellería de Educación:

- **Aprobación provisional do orzamento 2014 de Educación polo importe total de 12.347.367,65.-€**
 - Educación 10.784.618,45.-€ (incremento importante de 1.033.806,45.-€)
 - UNED 338.000.-€
 - EMAO 1.224.749,20.-€
- Novidades en programación educativa: 780.000.-€ programa municipal de inmersión lingüística **“Vigo en Inglés”** e bolsas municipais alumnado EOIV + 100.000.-€ programa utilización didáctica da cidade **“Vigo por Dentro”**. Saída esta fin de semana dos 46 bolseiros municipais entre o alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para estancias lingüísticas no estranxeiro: Londres 33, París 5, Berlín 3, Roma 2, Lisboa 1, Tokio 1 e Pekín 1.
- Aumento previsto de equipamentos da Rede de Escolas Infantís Municipais 0-3 anos (REIM), coa inmediata incorporación das **EIM de Mestres Goldar** e da **EIM de Navia**. Neste intre se están a baremar as 808 solicitudes achegadas no marco da convocatoria para adxudicación das 460 prazas do curso 2014-2015.
- **AUTOXESTIÓN 2014** aprobado en Xunta de Goberno Local do 21-03-14: Ingreso inminente do financiamento por importe total de 296.590.-€ para tarefas de mantemento ordinario e preventivo dos centros públicos de educación infantil e primaria.
- Rematado o programa educativo **“Vigohistoria: A reconquista”** na que pasaron 1000 escolares de 3º ciclo de primaria e ESO pola exposición didáctica desta efeméride tan salientable da nosa historia local. Rematado tamén o ciclo de **20 conferencias didácticas sobre hábitos nutricionais saudábeis** nas que participaron 1341 escolares de educación primaria. Desenvolvemento da **campaña municipal de animación á lectura “Contarte:Cociña de contos”** en 25 centros educativos coa dotación de lotes bibliográficos e implementación de 25 obradoiros para fomento do hábito lector.

O Presidente dá contestación a unha pregunta feita durante a celebración da xuntanza da Comisión Permanente sobre estado actual do Edificio de Cluny. Explica q pertence ao PEP (Plan Especial de Protección) do Ensanche e o edificio non está catalogado, e poden construírse nesa parcela edificacións ou locais destinados ao **ámbito dotacional educativo** de uso público ou colectivo e dominio tanto público como privado, que comprende centros para a formación intelectual das persoas mediante a ensinanza dentro de calquera nivel regrado ou ensinanzas non regradas. O actual PXOM prevé unha construción de 5 alturas de 17x 14 e no resto da mazá non ocupada pola edificación considerárase zona verde de uso privado. O Pleno do

Concello ten competencia para aprobar ou decidir un cambio a calquera outro uso dotacional, sempre e cando sexa solicitado previamente polos seus propietarios (Sociedad de Gestión de Activos Procedentes + Inversiones Canaima S.L.). Explica que polo de agora non hai ningunha petición neste sentido.

Terminada a presentación do informa, Pedro Nozal pregunta se hai algunha previsión de que este edificio se use no futuro, xa que está desocupado e podería ser moi útil no lugar onde está. O Presidente explica que sendo unha propiedade privada lamentablemente non se pode facer nada.

Cambiando de tema, Xan Centrón pregunta se existe algunha repercusión económica no feito de que a EMAO deixe de ser un organismo autónomo. O Concelleiro responde que ningunha, indicando que antes era un organismo autónomo dentro do Concello e agora é un organismo público que pasa a integrarse no Concello. Os cambios serán por exemplo que xa non se celebrará o Consello Reitor para aprobar contas, pero polo demais é un organismo como outros pertencente ao Concello. Explica que o persoal vai ser o mesmo e nas mesmas condicións. Xan pregunta que sendo así onde está o matiz para que esta fose unha proposta do pacto que se fixo entre os dous partidos maioritarios. O concelleiro indica que a día de hoxe non ten sentido manter os organismos autónomos. Di que probablemente a resposta se dá facendo a pregunta á inversa, por que se fixeron tantos organismos autónomos no seu momento? Para el o que se fai con esta medida é recuperar a normalidade. Santos Héctor di que se están rexidos polas mesmas normas e dependen orzamentariamente do Concello, non ten sentido que sexan organismos autónomos. Nun momento dado ata pode supor un aforro, se por exemplo un subalterno da EMAO está de baixa pódese cubrir cun subalterno do Concello e da outra forma non se podería facer.

Esperanza pregunta se o programa Vigo por Dentro se vai retomar tal é como era antes. Pedro M^a Vázquez explica que a dotación que se propón agora non chega nin á metade do orzamento do que se dispuña antes. Aquel programa, informa, estaba compartimentado en diferentes lotes que se adxudicaban de xeito separado: transporte, monitoraxe e comunicación. Agora haberá que valorar con esta dotación cal é o xeito de proceder para que sexa o máis beneficioso posible. Pensa que ao mellor se pode priorizar o tema do transporte en detrimento do monitoraxe, xa que os propios profesores poden facer as visitas.

O Secretario fai neste momento referencia a algo xa mencionado na xuntanza da Comis. Permanente, a renovación total dos membros do Pleno. Lembra que cada 4 cursos escolares e preceptivo que se faga a renovación total, e que neste curso se

rematan os catro cursos aos que se fai referencia. Explica que tendo en conta que as eleccións sindicais do sector docente se levarán a cabo a finais de ano, e que o sector docente representa un terzo do Pleno, consideran que o máis conveniente é que se pospoña a renovación de membros ata que se teñan o resultado dese proceso electoral.

Explica ademais que a comisión Permanente ten neste momento unha eiva xa que a persoa que representaba ao sector docente, Santiago Rodríguez, pasou a ser o presidente da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa, e como tal a representar a esta comisión de traballo na Permanente. Co cal non hai representación do sector docente neste órgano.

4.- Informes e plans de traballo das comisións do CEMV

Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

Esperanza Dacosta, Secretaria da comisión, presenta o seguinte informe:

Dende o último Pleno do Consello Escolar Municipal do Concello de Vigo, a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, estivo traballando no estudo da zonificación escolar.

O primeiro que fixemos foi considerar que criterios debería seguir a administración ao modificar a zonificación escolar existente na cidade:

-Publicidade.

-Poboación actual escolar e previsión futura.

-Estudo da situación das zonas actuais e aspectos que se observaron deficientes e que se pretenden mellorar.

-Proximidade do domicilio aos centros e seguridade no traslado.

-Ubicación dos centros públicos e privados concertados existentes e dos espazos de posible uso educativo reservados polo PXOM para os que se poidan contemplar no futuro orzamentos de construción.

-Liñas de transporte e posibilidades para mellorar o aproveitamento dos centros. O transporte ten que paliar a ausencia ou falta de centros nalgúns zonas, así como conducir a alumnado destas zonas aos centros receptores.

-Posibilitar a todo o alumnado ao acceso aos servizos de comedor e transporte

Logo disto comezou a realizarse o estudo para o que se traballou coa seguinte documentación:

- Mapa das actuais zonas escolares
- Documento borrador da Consellaría onde aparece a zonificación prevista
- Información do padrón de habitantes do Concello

- Datos estatísticos da poboación en idade escolar (0-16 anos) censada por parroquias facilitado polo Concello
- Informe sobre o número de espazos reservados no PXOUM para uso educativo

Fíxose novamente unha petición sobre as liñas de transporte escolar ao Xefe de Servizo de Transporte da Xefatura Provincial de Pontevedra e non se obtivo resposta. Así pois esta comisión decidiu solicitarlle directamente a información a todos centros de ensino de Vigo, públicos e privados, a través da seguinte enquisa. Polo de agora responderon 43 centros e seguimos á espera de máis datos para continua a análise.

Nome do centro (EEI, CEIP, CEP, CPR, IES, etc.):

Cargo que enche a enquisa:

Etapas educativas:

- Educación infantil
 Educación Primaria
 Educación Secundaria
 Outras:

Servizos complementarios, independentemente de quen os xestione:

COMEDOR: SI___ NON___

Quendas:

Número total de comensais:

AULA MATINAL:

Número de alumnos/as atendidos:

TRANSPORTE:

Liña nº	Paradas/destino	Km.	Nº usuarios
1			
2			
3			
4			
5			
6			

OBSERVACIÓNS:

Esperanza comenta que o traballo que están a facer é moi complicado e que son moi poucos na comisión, polo que solicita colaboración dos compañeiros.

Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

Eugenio de Iglesia presenta o informe da comisión que preside e enlaza este punto co nº 5 da orde do día: **5.- Desenvolvemento das II Xornadas Convivencia:**

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa está inmersa na organización das **II Xornadas de Convivencia Escolar**. Estas celebraranse os vindeiros 9 e 10 de maio de 2014 nas dependencias da ESAD. Están pensadas para ser un foro no que se fale abertamente de convivencia, do que esta supón, do esforzo que todos temos que facer para crear un ambiente de convivencia baseado no respecto, na diversidade, no diálogo, na comunicación e na variedade.

Dentro destas xornadas, hai un tempo de exposición que lle corresponde aos centros educativos que se inscribiron no programa **O que falas, fala de ti**, un total de cinco. Cos profesionais destes centros mantivéronse xuntanzas periódicas (7 de novembro, 16 de xaneiro e 13 de marzo).

Ademais, dende esta Comisión tamén se considerou enriquecedor deixar un espazo para que centros que non son de Vigo expoñan o traballo que están a realizar en prol da convivencia. Serán dous centros.

VENRES 9 DE MAIO DE 2014 - II XORNADAS DE CONVIVENCIA ESCOLAR	
16:30-17:00	Acreditación dos/as participantes
17:00-17:30	Acto Inaugural Abel Caballero , Alcalde de Vigo Santos Héctor Rodríguez Díaz , Presidente do Consello Escolar Municipal de Vigo Eugenio de la Iglesia Delgado , Presidente da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV
17:30-19:00	CONFERENCIA INAUGURAL <i>Federico Mayor Zaragoza</i> Presidente da Fundación Cultura de Paz
19:00-19:30	Descanso
19:30-20:30	O QUE FALAS FALA DE TI <i>Concepción Diéguez, IES DE TEIS</i> <i>Mª Carmen Vila, CPR MONTERREY</i>
SÁBADO 10 DE MAIO - II XORNADAS DE CONVIVENCIA ESCOLAR	
10:00-11:30	O QUE FALAS FALA DE TI <i>Eva Graña, CEIP ESCULTOR ACUÑA</i>

	<i>Olga Alonso, CEIP FRIÁN TEIS</i> <i>Adela Pintado, ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA CRISTINA</i>
11:30–12:00	Descansa
12:00–13:00	O QUE FALAS FALA DE TI: EXPERIENCIAS VECIÑAS <i>CEE JUAN MARÍA (NIGRÁN)</i> - Falta por concretar o outro centro
13:00–13:30	Conclusións das Xornadas e Acto de Clausura Santos Héctor Rodríguez Díaz , Presidente do Consello Escolar Municipal de Vigo Eugenio de la Iglesia Delgado , Presidente da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV
13:30	Entrega de diplomas de asistencia

Como novidade, nestas II Xornadas contaremos cun intérprete de linguaxe de signos que asistirá durante todo o evento. Tal e como se anunciara na presentación do programa “O que falas, fala de ti”, os cinco centros participantes serán agasallados cun lote de xogos acorde ás características do centro.

Dada a relevancia que estas Xornadas teñen para a toda a Comunidade Educativa, consideramos fundamental que tanto desde o propio CEMV como desde o Concello de Vigo se publicite e difunda a súa celebración. Así, pensamos que sería imprescindible facer unha rolda de prensa con presenza dos representantes municipais como presentación oficial das Xornadas.

Solicitamos a colaboración de tódolos membros do CEMV tanto para colaborar na difusión do evento como para participar activamente no desenvolvemento das xornadas.

Pedro Vázquez informa de que xa esta aprobado o expediente de gasto para estas xornadas e presenta o díptico que se empregará para a difusión. Explica que o día 21, á volta de Semana Santa, se enviará aos centros e que se abrirá unha inscrición online. Comenta que despois da Semana Santa se verá cal é o mellor xeito de darlle difusión ao evento nos medios. Bertila, con respecto a este tema, solicita apoio por parte do Concello na difusión das Xornadas, que son tan importantes para a comunidade educativa. Pensa que a implicación por parte do Concello debe ser total xa que a convivencia é un tema fundamental e ademais porque sería un xeito de respaldar o traballo de toda a comunidade. O secretario comenta que se podería valorar a posibilidade de reforzar o envío aos centros educativos cunha rolda de prensa na que estea presente o Alcalde ou o Concelleiro. Santos Héctor comenta que se verá a fórmula para que o Alcalde introduza na súa axenda este evento.

Pedro Nozal apoia o que di Bertila e di que sería fundamental que se fixera unha rolda de prensa e que nela estiveran algúns dos profesionais que van presentar as súas experiencias nas Xornadas, porque o traballo que fan é tan bo que con que explicasen parte dos traballos xa serían noticia.

6.- Propostas de mocións

Bertila Fernández presenta a seguinte moción:

Moción da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e comarca (FOANPA) sobre a volta ao sistema de préstamo universal de libros de texto.

ANTECEDENTES

O vindeiro curso 2014/2015, a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º curso de Primaria e 1º curso de Formación Profesional Básica, o que obrigará ao alumnado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanzas mínimas. Isto, unido ao recorte do 40% no programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.

Cal é a razón?

Ese gasto faise en moitas familias inasumible, xa que non vai haber outra opción máis ca mercar todos os libros que precise o alumnado. Son libros novos, polo que non poden existir bancos de libros, nin préstamos entre particulares, nin sequera han servir os libros dos irmáns, familiares ou amigos.

A Federación de ANPAS de Vigo e comarca, incluída na Confederación ANPAS Galegas, defende que non é un **problema de prioridades das familias**, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, polo tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese dereito.

O curso pasado xa se produciu unha diminución moi significativa de receptores das axudas para a compra de libros de texto. Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado coma en Galicia, precisamente cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica.

O dereito fundamental á educación esixe que se dean conxuntamente determinadas condicións -boa parte das cales están implícita ou explicitamente fixadas polo texto

constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademais, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar ao alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación.

Entendemos que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e consideramos por iso que o devandito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posible o acceso dos alumnos e alumnas a estes sen custo ningún.

Esta opinión foi avalada e compartida polo Consejo Escolar del Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: «A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obrigatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que sexa preciso para impartir a educación básica e, polo tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación terá que ser gratuíto».

A *Defensora del Pueblo*, D^a Soledad Becerril, no seu informe de outubro de 2013 di:

“O Defensor do Pobo entende que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que devandito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posible o acceso dos alumnos aos mesmos sen custo algún”

A Constitución di no seu artigo 27.4: **“O ensino básico é obrigatorio e gratuíto”** que podemos complementalo co artigo 3.3 da LOE (que a LOMCE deixou vixente) **“A Educación Primaria e a Educación Secundaria Obrigatoria constitúen a educación básica”** e aínda podemos continuar co artigo 4.1 da mesma Lei: **“O ensino básico ao que se refire o artigo 3.3 (o de antes) desta Lei é obrigatorio e gratuíto”**.

Cal é a realidade na que nos atopamos?

É gratuíto o acceso aos colexios e institutos públicos, non hai que pagar matrícula certamente, pero o resto pagámolo céntimo a céntimo, pagamos o material, pagamos as saídas, pagamos ata eses folios que algúns centros lles piden ao seu alumnado.

“A institución do Defensor do Pobo formula as seguintes recomendacións ás autoridades educativas:

3. Aplicar preferentemente sistemas de préstamo e reutilización dos libros de texto, en razón da maior eficiencia e menor custo que este modelo ten respecto doutras modalidades de axudas á adquisición destes materiais.

4. Favorecer a utilización prioritaria dos programas de préstamo e reutilización dos libros de texto no contexto dos ensinos obrigatorios, pola súa indubidable contribución ao proceso educativo dos alumnos e á mellor adquisición de actitudes de respecto, bo uso e conservación de bens comúns e á adquisición de hábitos cívicos e de convivencia.

A Constitución, que tanto citan os gobernos, di no seu artigo 31:

“Todos han contribuír ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica mediante un sistema tributario xusto inspirado nos principios de igualdade e progresividade”.

E a Defensora do Pobo sinala:

“Os datos aportados polas administracións educativas autonómicas permiten deducir que o sistema de préstamo aos alumnos dos libros de texto resultaría inicialmente máis eficiente desde un punto de vista económico que os sistemas articulados a través da concesión de axudas económicas directas aos alumnos”

En fin, que xa o di a Defensora do Pobo:

“A Constitución non só define o ensino básico como gratuíto, senón tamén como obrigatorio. E do establecemento dese deber constitucional ha de deducirse o correlativo deber público de proporcionar todos os medios imprescindibles para que poida ser cumprido”

As ANPAS de Vigo e Comarca levamos, desde a nosa constitución como federación, reclamando a volta ao sistema de préstamo universal, por todas as razóns anteriormente expostas. Tanto cremos nel que mesmo varias ANPAS optaron por organizar bancos de libros, a pesar de saber que esa non é a súa labor e que, outra vez citando á Defensora do Pobo, **“a implantación (dos bancos de libros) non pode supoñer un desleixo dos deberes públicos respecto do obxectivo de gratuidade do ensino obrigatorio en relación cos libros de texto e material curricular. Fomentar a solidariedade a través das doazóns é un obxectivo loable, pero non debe substituír á responsabilidade pública na materia”.**

Pero agora, como sinalamos nos primeiros parágrafos deste documento, temos unha circunstancia que, por non ser desexada, non deixa de ser excepcional, todos os libros de texto deben cambiar para se adaptar á LOMCE, segundo se vaia implantando.

TEXTO

Tendo en conta todo o anteriormente exposto e porque é un deber que ten a Administración para con todas e todos nós, e porque agora é o momento para que a administración educativa modifique a errónea política de axudas (en palabras da Defensora do Pobo),

- 1. Esiximos libros de texto e material didáctico gratuítos e a volta ao sistema de préstamo universal.**
- 2. Esiximos que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público.**
- 3. Esiximos que se dote aos centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.**
- 4. Daráselle traslado á Consellaría de Educación da Xunta de Galicia os acordos tomados neste Consello Escolar Municipal.**

Presentada a moción, Bertila comenta que o sistema de préstamo que existía era o ideal, que funcionaba moi ben. Supuña un aforro económico importante e ademais traballábase educación en valores, política medioambiental,... Explica que se está a facer unha campaña a nivel de toda Galicia desde ANPAS Galegas, organización á que pertencen, que se centra en asembleas das ANPAS, Consellos Escolares e Consellos Escolares Municipais.

Informa de que Pedro Nozal lles fixo chegar a petición de que cambiasen o punto 2 do texto, onde di “Esiximos que se avance na gratuidade total de todos os medios que se utilicen no ensino público” se retirase a palabra público, tendo en conta que tamén é unha cuestión que afecta ao ensino privado-concertado. Comenta que a ela persoalmente non lle parece mal que se introduza o cambio, xa que a gratuidade debería ser universal, pero tamén cree que nos centros privados concertados, as ANPAS deberían unirse a esta campaña, xa que a forza que se faría sería maior. Pedro Nozal pregunta se FOANPAS tamén está presente en centros concertados, e Bertila explica que non, que eles teñen a súa propia federación.

Agostiño Nieto e Francisco Piñeiro con referencia á petición de Pedro Nozal, lembran que, tal é como xa se falou en anteriores xuntanzas plenarios, cando se fai referencia no texto a ensino público, tamén se está incluíndo a centros concertados, na medida en que son centros que se sustentan con centros públicos. Pedro Nozal comenta que niso non pode estar de acordo. De tódolos xeitos, sabendo agora que FOANPAS so ten presenza en centros públicos, entende que a frase tal como está é lóxica. O que si

lamentada é que os representantes de asociacións de pais de centros concertados non acudan asiduamente ás xuntanzas plenarias.

Chegado este momento, o Presidente somete a moción a votación por parte do Pleno.

Acordos adoptados

Apróbase a moción presentada por FOANPAS para ser remitida á Consellería de Educación co seguinte resultado:
16 votos a favor, 1 abstención.

6.- Rogos e preguntas

Pedro Nozal con referencia ao dito antes sobre o **edificio de Clunny**, solicita que conste en acta que protesta polo abandono deste edificio xa que non entende que esa propiedade non se estea usando con finalidade social.

Bertila Fernández roga que dalgunha maneira se potencie a **participación no CEMV**. Pensa que é moi triste que non exista participación do alumnado, que sería tan importante. Solicita que se faga algo para que a sociedade de Vigo saiba que este Consello exista, e en que está a traballar.

A representante de Foanpas roga ademais que se traballe na **senalización dos pasos de peóns** nas inmediacións dos centros educativos. Agradece a premura coa que se sinalizou a E.I. Tomás Alonso.

Bertila comenta que dous dos centros de Teis, o **San Salvador e o Paraixal** estiveron en **conversas para compartir a liña de autobús** e finalmente non lle deron esa posibilidade. Agora a realidade é que hai un centro que se está a quedar sen matrícula por que carece de liña de autobús. Gustaríalle que se preguntase ao Xefe Territorial porque non dá esas facilidades.

En canto aos **rapaces con necesidades educativas especiais**, roga que para o próximo curso na cidade se ofrezca unha **alternativa de ocio inclusiva**. Comenta que en FOANPAS teñen moitas propostas neste sentido por se queren telas en conta.

Chegado este momento o presidente lémbrale a Bertila que están no punto de rogos e suxestións e que debe ser mais concreta nas intervencións, facer rogos ou suxestións e evitar que se abra un debate.

Bertila remata facendo referencia aos **comedores**. Comenta que están a vivir unha

situación penosa, e encima agora a prensa está convertendo este problema en algo mediático, mediocre e morboso. Informa de que neste momento están en pleno concurso para a adxudicación do servizo, e que os pais e nais están facendo un gran esforzo para que todo se faga de xeito correcto, para o cal teñen que manter reunións coas empresas, cos equipos directivos, con asesores xurídicos,... Queren que esta xestión sexa asumida pola Xunta polo que **roga que o CEMV solicite a administración educativa que forme unha comisión de traballo en Santiago para tratar o tema de comedores.**

Antonio Madrid con respecto ao tema de comedores comenta que non lle parece normal que se estea cargando contra os directores na prensa, dicindo que cobraban sobresoldos, cando a Xunta sabía cal era o xeito de proceder, recibían as contas puntualmente. Antonio cre que o que fai a administración, aproveitando que se está en época de matriculacións, é desacreditar á escola pública e aos centros con comedores de xestión directa. Rogaría que a Com. de equipamentos presentase algunha moción ao respecto.

Xesús Rodríguez en relación ao que acaban de dicir, comenta que neste caso non se debería meter a tódolos directores no mesmo saco, xa que son casos moi diferentes. Tal e como se está facendo, estase a crear alarma social, e estase poñendo á escola pública e aos directores no paredón. Di que son casos diferentes nos sete centros porque polo que el sabe hai un centro, o Lope de Vega, no que xa hai denuncias de pais desde o ano pasado. Aproveitando a presenza do representante da administración educativa, pregunta cal é a situación actual nos sete centros e como se vai desenvolver, desde cantos anos hai que sucedían estes feitos obxecto de sanción e se non se revisaban na Consellería as contas dos centros.

Antonio Estévez responde que efectivamente os casos son diferentes, de feito son expedientes que se trataron por separado aínda que teñen unha casuística similar. As contas si que cre que foron aprobadas pero ninguén se decatou da situación. Comenta que houbo unha denuncia nunha Xunta de persoal e unha vez que se tivo coñecemento do que sucedía, a Consellería actuou de oficio e atopou anomalías en máis centros. Cada caso era diferente e tivo un expediente diferente pero como se fixeron á vez metéronse todos no mesmo saco. Di que na prensa tivo moita repercusión porque é un tema con gancho. Se se houbera levado con máis discreción houbera sido mellor.

Esperanza Dacosta comenta que na última reunión de directores, os directores

expedientados estiveron comunicando aos compañeiros o sucedido, xa que ata o momento a única información que tiñan era a da prensa. O que lles contaron dista moito de todo o dito na prensa. Explicáronlles que na aplicación de XADE eles especificaban tódolos ingresos e gastos que tiñan, que as contas sempre se aprobaron polos consellos escolares e se remitían á Consellería. Isto sucedeu durante varios anos, con toda normalidade, e eles pensaban que o xeito de proceder era o correcto. Lamentan que ao non ser así, desde a Consellería non se houbera comprobado as contas antes de aprobalas e non houbera detectado antes o problema, co cal non se chegaría a esta situación nunca. Moitos deles chegaron á dirección e seguiron facendo as cousas como se viñan facendo xa que consideraban que era o correcto. Esperanza comenta que hai moitos compañeiros que o están pasando moi mal polas declaracións que saen na prensa, xa que os están tratando como ladróns.

Eugenio de la Iglesia pide que non se esqueza que esta situación xorde cando a administración decide baixar a asignación aos comedores, os directores buscan unha forma de completar a calidade dos menús. A administración por un lado prende fogo e por outro está intentando apagalo. Se se dotase aos comedores do diñeiro necesario para que un rapaz poida comer, isto non sucedería nunca, non farían falta as achegas voluntarias.

Antonio Madrid comenta que non son solo os centros de Vigo, di que tódolos centros de Galicia de xestión directa están funcionando igual, porque non lles queda outra.

Francisco Piñeiro comenta que ao final o rogo ten que ser o de sempre, que a Xunta asuma dunha vez a xestión de comedores e que non a delegue nin nos pais, nin nos directores,... e pensa que ao mellor habería que pedirlle que tramitase coa mesma axilidade todo tipo de denuncias e de expedientes.

Jesús Rodríguez saca o tema do **profesorado do Celga que foi despedido**. Nos últimos anos, a Secretaría Xeral de Política Lingüística contaba cunha serie de licenciados en lingua galega para impartir os cursos de formación en lingua galega CELGA. Esta xente estaba sen cotizar ao réxime da Seguridade Social polo que houbo varias denuncias ante as Inspeccións de Traballo das diferentes provincias. A da Coruña, de Ourense e de Lugo xa contestaron, falta a de Pontevedra, e determinaron a existencia dunha relación laboral entre o profesorado que imparte os cursos CELGA e a Xunta, e de oficio recoñeceu o período traballado desde o 2009 ao 2013. A sorpresa é que agora a Consellería como represalia, decidiu prescindir dos

servizos destes case cincocentos profesionais, e comezar a ofertarlles o desempeño do seu traballo a funcionarios en activo (profesorado de institutos, escolas de idiomas, gabinetes de normalización...) para que fagan horas extras. Isto deu lugar a un malestar por parte dos propios funcionarios e desta xente que a día de hoxe non teñen posibilidades de traballar. As listas na que o criterio era o paro e que ano a ano ía recollendo os méritos desa xente, desapareceu. Por todo isto **roga que se trate este tema na próxima permanente e se leve ao Pleno.**

Sen máis temas que tratar, remata a sesión ás 19:30.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

O PRESIDENTE DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Santos Héctor Rodríguez Díaz